

**I. DISPOSICIÓN XERAIS****CONSELLERÍA DE SANIDADE  
E SERVICIOS SOCIAIS**

*Orde do 29 de decembro de 2000 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de minusvalidez.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º asígnalle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de acción social. Así mesmo, no artigo 33.2º establécese que lle corresponde o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de Seguridade Social.

Polo Real decreto 258/1985, do 23 de xaneiro, traspásanse á Comunidade Autónoma de Galicia funcións e servizos do Instituto Nacional de Servizos Sociais (Inserso) da Seguridade Social.

Pola outra banda, a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais de Galicia, atribúelles ós servizos sociais de atención especializada na área de actuación da minusvalidez a elaboración de programas de valoración, diagnóstico e cualificación da minusvalidez.

Finalmente, con data do 26 de xaneiro de 2000 publicouse no BOE o Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de minusvalidez, publicándose con data do 13 de marzo de 2000 unha corrección de erros en relación con el.

O artigo 6 do citado real decreto establece a competencia das comunidades autónomas con funcións transferidas na materia para o recoñecemento do grao de minusvalidez, así como para a determinación da necesidade de axuda de terceira persoa e da dificultade para utilizar transportes públicos colectivos, para efectos das prestacións, servizos ou beneficios públicos establecidos.

Na súa virtude, facendo uso das facultades que me confire o artigo 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, reformada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e tendo en conta o disposto no artigo 6 e concordantes do Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro,

**DISPOÑO:**

Capítulo I  
Obxecto

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten como obxecto regula-lo procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de minusvalidez.

Capítulo II

Os equipos técnicos de valoración

Artigo 2º.-Ámbito dos equipos técnicos de valoración.

En cada provincia existirá, polo menos, un equipo técnico de valoración, que cubrirá todo o ámbito

territorial provincial. Por proposta da Dirección Xeral de Servizos Sociais poderanse crear equipos nunha localidade diferente á capital de cada provincia, cando existan necesidades que o xustifiquen, establecendo o seu ámbito territorial. O equipo, ou os equipos, en caso de existir varios nunha provincia, será coordinado polo xefe da Área de Servizos Sociais da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.

Artigo 3º.-Composición dos equipos.

O equipo técnico de valoración estará composto por tres vocais: médico, psicólogo e traballador social, segundo criterios interdisciplinarios, podendo incorporarse a eles, en determinados casos e por criterio do presidente da xunta de valoración, outros profesionais da sección de cualificación e valoración da minusvalidez.

Artigo 4º.-Xuntas de valoración.

O equipo técnico de valoración deberá reunirse en xunta de valoración para a emisión dos dictames técnicos facultativos. A xunta de valoración estará composta polo presidente, os tres vocais do equipo técnico de valoración e un secretario. A presidencia da xunta de valoración recaerá no xefe de Sección de Cualificación e Valoración de Minusvalidez de cada delegación provincial, desempeñando as funcións de secretario un membro do propio equipo técnico de valoración ou un profesional adscrito á delegación provincial correspondente, designado polo delegado provincial.

O seu funcionamento estará regulado polo capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e polas normas que dicte a Dirección Xeral de Servizos Sociais.

Artigo 5º.-Funcións dos equipos.

1. O equipo técnico de valoración ten como funcións:

a) Darlles información e orientación inicial ás persoas con discapacidade e familiares que o soliciten.

b) A realización dos dictames técnico-facultativos para a cualificación do grao de minusvalidez, revisión deste por agravamento ou melloría e para a determinación do prazo a partir do cal se poderá revisa-lo grao de minusvalidez nos termos previstos no Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro.

c) Determina-lo grao de minusvalidez e valoración das diferentes situacións esixidas para ter dereito ás prestacións sociais e económicas previstas no Real Decreto 383/1984, do 1 de febreiro, polo que se establece e regula o sistema de prestacións previsto na Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social de persoas con minusvalidez.

d) Determina-lo grao de minusvalidez, así como a necesidade de concurso doutra persoa, para os efectos das prestacións de invalidez na súa modalidade non contributiva e protección familiar por fillo a cargo con minusvalidez, reguladas no Real

decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

e) Determina-las dificultades para utilizar transportes públicos colectivos así como dictaminar sobre a mobilidade reducida permanente, e sobre o acceso ós diferentes servizos e prestacións para os efectos previstos na Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e eliminación de barreiras na Comunidade Autónoma Galicia, e no Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da dita lei.

f) Emite-los dictames técnico-facultativos previstos na Lei 40/1998, do IRPF.

g) Prestar asistencia técnica e asesoramento á Consellería de Sanidade e Servizos Sociais e ás súas delegacións provinciais nos procedementos contenciosos nos que sexan parte, por requirimento da delegación provincial.

h) Elabora-los informes técnicos que lles sexan requiridos pola delegación provincial ou polo resto dos programas e servizos.

i) Aquelas funcións referentes ó diagnóstico, valoración e orientación, de situacións de minusvalidez atribuídas ou que poidan atribuírse, pola lexislación, tanto estatal como autonómica.

j) Cantas outras lle sexan asignadas pola Dirección Xeral de Servizos Sociais.

### Capítulo III

#### Procedemento para o recoñecemento e cualificación do grao de minusvalidez

##### Artigo 6º.-Solicitudes e lugar de presentación.

1. O procedemento para a cualificación do grao de minusvalidez iníciase por instancia do interesado, representante legal ou gardador de feito, en modelo normalizado.

2. A solicitude, que deberá ir xunto coa documentación relacionada no artigo sétimo desta orde, poderá presentarse nas delegacións provinciais, áreas de Servizos Sociais da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais ou noutros rexistros dos previstos no artigo 38, punto 4º, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Artigo 7º.-Documentación que achegará o interesado xunto coa solicitude.

1. Ás solicitudes deberá xuntarse preceptivamente, salvo que xa conste en poder da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, a seguinte documentación:

-Fotocopia compulsada do DNI do interesado (no seu defecto, libro de familia ou partida de nacemento).

No caso de estranxeiros: fotocopia compulsada da tarxeta de residente.

-Fotocopia compulsada dos informes médicos ou psicolóxicos que avalen as deficiencias alegadas.

No caso de revisión por agravamento ou melloría: fotocopia compulsada dos informes que acrediten o dito agravamento ou melloría.

-Se é o caso, fotocopia compulsada do DNI do representante legal e do documento acreditativo da representación legal ou garda de feito.

2. Para os efectos da valoración social poderanse pedir outros documentos complementarios necesarios para a dita valoración.

##### Artigo 8º.-Competencia e inicio do procedemento.

1. Serán competentes para iníciar, instruír e resolver-los procedementos para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de minusvalidez as delegacións provinciais da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais no ámbito territorial onde residen habitualmente os interesados.

2. Se o interesado residise no estranxeiro, a competencia para o exercicio de tales funcións corresponderá á Delegación Provincial da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais daquela provincia na que o interesado acredite ou alegue ter tido o último domicilio habitual no territorio español, ou o que tivesen os seus ascendentes.

3. As delegacións provinciais da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais aplicarán medios informáticos para tramita-los procedementos en materia de recoñecemento do grao de minusvalidez, axustándose ó establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, de maneira que se garantan os dereitos dos interesados.

##### Artigo 9º.-Recoñecementos e dictame de cualificación do grao de minusvalidez.

1. A cualificación do grao de minusvalidez levarase a cabo mediante o recoñecemento do interesado polos vocais do equipo técnico de valoración, segundo o procedemento de citacións que se determine.

2. Cando as características clínicas do interesado o aconsellen ou resulte imposible ou insuficiente a achega de informes médicos e/o psicolóxicos, o presidente do Equipo de Valoración e Orientación (EVO) poderá solicitar outros informes e a práctica de probas e exploracións complementarias por parte de centros e institucións sanitarias.

Para a aplicación do disposto no parágrafo anterior, a delegación provincial da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais queda autorizada para subscribir cos centros e institucións sinalados os termos e as condicións en que teñan que realizarse tales informes, probas e exploracións complementarias.

Para tales efectos, fáculanse os membros do equipo de valoración e orientación para, coa autorización do presidente do EVO, solicitar directamente dos citados centros ou servizos a realización dos ditos informes ou probas.

3. Finalizados os recoñecementos e informes pertinentes o equipo técnico de valoración procederá a emite-lo dictame técnico facultativo.

4. Os empregados públicos que, en razón da tramitación do expediente de recoñecemento, decla-

zan o historial clínico do interesado, están obrigados a mante-la súa confidencialidade.

5. A Dirección Xeral de Servizos Sociais establecerá o procedemento polo que, con base nas circunstancias especiais do interesado, o equipo técnico de valoración poida formula-lo seu dictame en virtude dos informes médicos, psicolóxicos ou, se é o caso, sociais, emitidos por profesionais autorizados, sen recoñecemento directo do equipo.

Artigo 10º.-Contido dos dictames.

Os dictames técnico-facultativos formularanse de acordo cos criterios, baremos e modelos normalizados, debendo conte-la seguinte información:

1. Datos identificativos do interesado.
2. Deficiencias, diagnósticos e etioloxías.
3. Porcentaxe parcial correspondente a cada tipo de discapacidade. Cando coexistan dúas ou máis deficiencias nunha mesma persoa, tal como se establece no capítulo 1 (normas xerais) do anexo do Real decreto 1971/1999.
4. Resultado da combinación das porcentaxes obtidas por deficiencias de distintos aparellos ou sistemas.
5. Porcentaxe dos factores sociais complementarios.
6. Porcentaxe total de minusvalidez.
7. Resultado dos baremos de dificultades de mobilidade e de necesidade de axuda de terceira persoa.
8. Recomendacións do equipo técnico de valoración sobre utilización de apoios e orientación.
9. Prazo de validez do dictame.

Artigo 11º.-Resolución.

1. No prazo de 3 meses, o delegado provincial da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais ditará resolución expresa sobre o recoñecemento do grao.

2. O prazo máximo para resolver, establecido no punto anterior, poderá ser ampliado polas delegacións provinciais da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, segundo o disposto no artigo 42.6º da Lei 30/1992, cando polo número de solicitudes formuladas ou polas outras circunstancias que expresamente se determinen no acordo de ampliación non se poida cumprir razoablemente o prazo previsto.

3. O recoñecemento do grao de minusvalidez entenderase referido á data de presentación da solicitude. Na resolución deberá figurar expresamente a data en que deba ter lugar a revisión, salvo que sexa permanente.

4. A falta de resolución expresa no prazo previsto terá efectos desestimatorios, de acordo co previsto no artigo 43.2º da Lei 30/1992; neste caso o interesado poderá exercer-los dereitos que lle confire o artigo 71 do texto refundido da Lei de procedemento laboral, aprobado polo Real decreto legislativo 2/1995, do 7 de abril, sen prexuízo da obriga de resolver.

Artigo 12º.-Reclamacións.

1. Contra as resolucións dos delegados provinciais, os interesados poderán interpoñer, dentro dos trinta

días seguintes ó da súa notificación, reclamación previa á vía xurisdiccional social, ante a mesma delegación provincial que dictou o acto, a cal deberá resolver no prazo de 45 días.

2. Presentada a reclamación previa contra a resolución dictada, cando nela se discrepe da resolución en aspectos que afecten o dictame técnico facultativo do equipo técnico de valoración, e con independencia das actuacións procedentes para comprobalas alegacións do reclamante, o escrito de reclamación pasarase a coñecemento e informe do dito equipo.

#### Capítulo IV

Revisión da cualificación do grao de minusvalidez

Artigo 13º.-Revisións.

1. As revisións do grao de minusvalidez poderán efectuarse por instancia de parte ou de oficio.

2. Nas revisións por instancia de parte, por agravamento ou melloría, o interesado deberá unir necesariamente á solicitude os informes médicos ou psicolóxicos que o acrediten, sempre que transcorresen dous anos desde a data da resolución. Excepcionalmente, este prazo non será necesario nos supostos de erro de diagnóstico ou cando o equipo técnico de valoración determine, mediante a documentación achegada, cambios substanciais na cualificación do grao.

3. Sen prexuízo das revisións previstas nos artigos 102 e seguintes da mencionada Lei 30/1992, poderá revisarse de oficio o grao de minusvalidez:

a) Cando se produza o cumprimento do prazo de validez establecido na resolución.

b) Cando o equipo técnico de valoración teña coñecemento pola documentación achegada polo interesado, como consecuencia da emisión de informes para a tramitación de expedientes de acceso a calquera das diferentes prestacións ou servizos ós que ten dereito, que as circunstancias polas que se lle asignou o grao variaron substancialmente.

Artigo 14º.-Procedemento de revisión.

Promovida a revisión, segundo o recollido no artigo anterior, a instrución do procedemento axustarase ó establecido no capítulo III desta orde e ó que estableza a Dirección Xeral de Servizos Sociais en desenvolvemento dela.

#### *Disposición derogatoria*

Quedan derogadas cantas disposicións, de igual ou inferior rango, se opoñan a esta orde.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Segunda.-Facúltase a directora xeral de Servizos Sociais para dicta-las normas de desenvolvemento desta orde.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2000.

José M<sup>a</sup> Hernández Cochón  
Conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais

## ANEXO



## CONSELLERÍA DE SANIDADE E SERVICIOS SOCIAIS

PROCEDEMENTO <b>RECOÑECIMENTO DO GRAO DE MINUSVALIDEZ. R. D. 1971/1999, DO 23 DE DECEMBRO (BOE DO 26 DE XANEIRO DE 2000)</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>SA611A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

(ANTES DE CUBRI-LOS DATOS LEA AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN Ó DORSO)

## I. DATOS DO INTERESADO

<b>1.- MOTIVO DA VALORACIÓN (SINALE CUN X O QUE PROCEDA)</b>					
<input type="checkbox"/> VALORACIÓN INICIAL		REVISIÓN POR:		<input type="checkbox"/> AGRAVAMENTO/MELLORÍA <input type="checkbox"/> CADUCIDADE	
<b>2.- DATOS PERSOAIS</b>					
1º APELIDO		2º APELIDO		NOME	
DATA DENACEMENTO		SEXO <input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/> MULLER		NACIONALIDADES	
ENDEREZO		Nº, BLQ., ESCAL., PISO, PTA			
CÓDIGO POSTAL		MUNICIPIO		PROVINCIA	
TEN SEGURIDADE SOCIAL <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON		<input type="checkbox"/> TITULAR <input type="checkbox"/> BENEFICIARIO		Nº DA SEGURIDADE SOCIAL	
<b>3.- DATOS DA MINUSVALIDEZ</b>					
A MINUSVALIDEZ QUE ALEGA É <input type="checkbox"/> FÍSICA <input type="checkbox"/> PSÍQUICA <input type="checkbox"/> SENSORIAL					
DESCRIPCIÓN _____ _____					
TEN RECOÑECIDO O GRAO DE MINUSVALIDEZ <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON SE A RESPONSTA É AFIRMATIVA, INDIQUE EN QUÉ PROVINCIA _____ E ANO ____					

## II. DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL

1º APELIDO		2º APELIDO		NOME	
ENDEREZO		Nº, BLQ., ESCAL., PISO, PTA			
CÓDIGO POSTAL		MUNICIPIO		PROVINCIA	
RELACIÓN CO INTERESADO		<input type="checkbox"/> REPRESENTANTE LEGAL		<input type="checkbox"/> GARDADOR DE FEITO	

## DECLARO:

Baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados nesta solicitude e autorizo a que se realicen consultas en arquivos públicos para acreditarlos, incluído o meu historial clínico.

Os datos facilitados van ser tratados informaticamente, tendo vostede dereito ó seu acceso, rectificación e cancelación de conformidade coa Lei de protección de datos de carácter persoal.

\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.

Asinado

Delegación Provincial de \_\_\_\_\_

**DOCUMENTACIÓN IMPRESCINDIBLE QUE SE DEBE XUNTAR Á SOLICITUDE**

- FOTOCOPIA COMPULSADA DO DNI DO INTERESADO (NO SEU DEFECTO, LIBRO DE FAMILIA OU PARTIDA DE NACEMENTO). NO CASO DE ESTRANXEIROS: FOTOCOPIA COMPULSADA DA TARXETA DE RESIDENTE.
- FOTOCOPIA COMPULSADA DOS *INFORMES MÉDICOS OU PSICOLÓXICOS* QUE AVALEN AS DEFICIENCIAS ALEGADAS. *NO CASO DE REVISIÓN POR AGRAVAMENTO OU MELLORÍA*: FOTOCOPIA COMPULSADA DOS INFORMES QUE ACREDITEN O DITO AGRAVAMENTO OU MELLORÍA.
- SE É O CASO, FOTOCOPIA COMPULSADA DO DNI DO REPRESENTANTE LEGAL E DO DOCUMENTO ACREDITATIVO DA REPRESENTACIÓN LEGAL OU GARDA DE FEITO.

(Importante: as compulsas poderanse efectuar ó presenta-la solicitude ou ó acudir a recoñecemento, xuntando os orixinais dos documentos)

**DOCUMENTOS COMPLEMENTARIOS****A) NECESARIOS PARA A VALORACIÓN SOCIAL (EXCEPTO QUE XA CONSTEN EN PODER DA DELEGACIÓN DA CONSELLERÍA DE SANIDADE E SERVICIOS SOCIAIS)****FACTOR ECONÓMICO**

- CERTIFICADO DE CONVIVENCIA DA UNIDADE FAMILIAR.
- XUSTIFICANTE DE INGRESOS DO INTERESADO E CONVIVENTES (FOTOCOPIA DO IRPF, NÓMINAS, ETC ...)
- XUSTIFICACIÓN DE GASTOS, SE É O CASO:
  - A) GASTOS DE VIVENDA (ALUGUER, AMORTIZACIÓN 1ª VIVENDA, DESAFIUZAMENTO, ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS).
  - B) GASTOS EXTRAORDINARIOS DE CARÁCTER PROLONGADO (EDUCATIVOS, SANITARIOS, OUTROS).

**FACTOR LABORAL**

PARA OS SOLICITANTES DESEMPREGADOS (TARXETA DE DEMANDANTE DE EMPREGO).

(NOTA: tódalas fotocopias deberán estar compulsadas. As compulsas poderanse efectuar ó presenta-la solicitude ou ó acudir ó recoñecemento, xuntando os orixinais dos documentos)

**B) ANEXO PARA CUBRIR PREFERENTEMENTE POLO MÉDICO DE ATENCIÓN PRIMARIA**

NOME E APELIDOS: \_\_\_\_\_

DIAGNÓSTICO/S: \_\_\_\_\_

TRATAMENTO REALIZADO: \_\_\_\_\_

DATA DO DIAGNÓSTICO E INICIO DO TRATAMENTO: \_\_\_\_\_

INGRESOS HOSPITALARIOS: \_\_\_\_\_

SINATURA E SELO

**INSTRUCCIÓN PARA CUBRI-LA SOLICITUDE**

- ANTES DE ESCRIBIR, LEA ATENTAMENTE OS EPÍGRAFES DA SOLICITUDE.
- ESCRIBA CON CLARIDADE E CON LETRAS MAIÚSCULAS.
- PRESENTE COA SOLICITUDE TÓDOLOS DOCUMENTOS INDICADOS. ASÍ EVITARÁ ATRASOS INNECESARIOS.

**I. DATOS DO INTERESADO.****1.- MOTIVO DA VALORACIÓN.**

MARQUE CUNHA CRUZ O EPÍGRAFE POLO QUE SOLICITA O RECOÑECIMENTO.

**2.- DATOS PERSOAIS.**

NESTE EPÍGRAFE CONSIGNARANSE TÓDOLOS DATOS PERSOAIS DO INTERESADO. SE VOSTEDE TEN DOBRE NACIONALIDADE, INDIQUE AS DÚAS NO EPÍGRAFE CORRESPONDENTE.

NO CASO DE ESTRANXEIRO RESIDENTE EN ESPAÑA, NO EPÍGRAFE DNI CONSIGNARASE O NÚMERO DE RESIDENTE.

**3.- DATOS DA MINUSVALIDEZ.**

CONSIGNE O TIPO OU TIPOS DE MINUSVALIDEZ QUE ALEGA. SE A VOSTEDE SE LLE RECOÑECEU CON ANTERIORIDADE GRAO DE MINUSVALIDEZ, INDIQUE A PROVINCIA ONDE LLE FOI RECOÑECIDA E O ANO.

SE A RESOLUCIÓN FOI EMITIDA POR PROVINCIA DISTINTA A ESTA ONDE VOSTEDE O SOLICITA, ACHEGUE FOTOCOPIA DELA. ASÍ AXILIZARÁ A TRAMITACIÓN DO SEU EXPEDIENTE.

**II. REPRESENTACIÓN LEGAL.**

ESTE EPÍGRAFE CUBRIRASE UNICAMENTE CANDO A SOLICITUDE A ASINE UNHA PERSOA DISTINTA DO INTERESADO, QUE TEÑA CONDICIÓN DE REPRESENTANTE LEGAL OU GARDADOR DE FEITO. NESTE ÚLTIMO CASO CUBRIRASE O MODELO QUE LLE SERÁ FACILITADO.